

AERODESLIZADOR

Que perseguimos?

Queremos xogar co aire e fabricar un aerodeslizador caseiro.

Que material precisamos?

Precisamos un CD, a boquilla dun botellín de auga, un cúter, un anaco de cartulina, unha agulla, un globo e silicona ou pegamento.

Como fixemos?

Primeiro cortamos co cúter a boquilla da botella de plástico.

Despois tapamos co anaco de cartulina o furado do centro do CD.

A continuación facémolle buratiños á cartulina coa agulla. Por eles sairá o aire.

O seguinte paso é pegar a boquilla da botella ao CD con silicona.

Por último, inflaremos o globo e engancharémolo na boquilla.

O aire sairá pouco a pouco facendo que o CD se desplace por unha superficie lisa.

Conclusións:

O CD desplázase porque o aire minimiza a forza de rozamento deste coa superficie plana.

